# Programación Lírica da Coruña
# Outono 2017
# Actividades paralelas

amigosoperacoruna.org afundacion.org

Amigos de la Ópera de A Coruña

//Afundación
Obra Social ABANCA

# PROXECCIÓNS:
# Renata Scotto nos seus grandes roles

## *Lucia di Lammermoor*

Bunka Kaikan de Tokio, 1967

28 de agosto | 19.00 h

Dirección musical: Bruno Bartoletti. Con Renata Scotto, Carlo Bergonzi, Mario Zanasi e Plinio Clabassi.
VOS. 138 min

En cada papel que interpretou, Renata Scotto sentou cátedra pola súa extraordinaria capacidade expresiva que lle permitía afondar en todas as facetas humanas dos seus personaxes. Resulta antolóxica a súa caracterización de Lucia.

## *Luisa Miller*

Metropolitan de Nova York, 1979
30 de agosto | 19.00 h

Dirección musical: James Levine. Posta en escena: Nathaniel Merrill. Con Renata Scotto, Plácido Domingo, Sherrill Milnes e Bonaldo Giaiotti.
VOS. 148 min

Entre os personaxes verdianos, Scotto mostrou unha especial predilección polo de Luisa. O seu exquisito coidado pola palabra permítelle aproximarse ata o abismo máis íntimo deste tráxico personaxe e revelalo da maneira máis real.

# PROXECCIÓNS:
# En lembranza de Alberto Zedda

## *Manon Lescaut*

Metropolitan de Nova York, 1980
1 de setembro | 19.00 h

Dirección musical: James Levine. Posta en escena: Gian Carlo Menotti. Con Renata Scotto, Plácido Domingo e Pablo Elvira.
VO (sen subtítulos). 134 min

De entre todas as heroínas pucciniana, Renata Scotto brillou dun xeito moi significativo ao abordar o personaxe de Manon Lescaut, cunha interpretación coruscante polo seu magnetismo.

## *Armida*

Ópera Vlaanderen, 2016
4 de setembro | 19.00 h

Dirección musical: Alberto Zedda. Posta en escena: Marianne Clément.
Con Carmen Romeu, Enea Scala e Dario Schmunck.
VOS. 162 min

Entre os logros de Alberto Zedda, un dos maiores divulgadores modernos das óperas de Rossini, foi ter sabido poñer en valor as obras serias deste compositor, auténticas xoias do bel canto. Unha das máis complexas é *Armida*, que aquí ten unha protagonista exquisita coa soprano Carmen Romeu.

## *Ermione*

Tempada Lírica da Coruña 14/15, 2015

6 de setembro | 19.00 h

Dirección musical: Alberto Zedda. Con Angela Meade, Michael Spyres e Marianna Pizzolato.
VO (sen subtítulos). 140 min

En xuño de 2015, Alberto Zedda dirixiu o seu último Rossini na Coruña. Con esta brillante versión de *Ermione*, unha das mellores óperas de Rossini regresou aos escenarios europeos pola porta grande. A súa interpretación na Coruña abriu o paso á programación en Moscova, Lyon e París.

## «En torno a *Un ballo in maschera*»

31 de agosto | 20.00 h

Encontro con algúns dos protagonistas do equipo artístico que ao día seguinte estreará no Teatro Colón unha nova produción da obra mestra de Verdi.

## Encontro con Renata Scotto

2 de setembro | 19.00 h

Renata Scotto, unha das últimas lendas vivas da ópera, conversa co público sobre a súa prestixiosa carreira e sobre as súas actuacións máis emblemáticas.

## Coloquio sobre Alberto Zedda

9 de setembro | 12.00 h

Coincidindo co concerto que Amigos da Ópera dedica *in memoriam* de Alberto Zedda, algúns dos seus amigos, expertos na súa carreira e colaboradores conversan sobre esta figura transcendental da ópera nas últimas catro décadas.



## «Mariella Devia e *Lucrezia Borgia*»

23 de setembro | 12.00 h

O crítico Raul Chamorro, un dos grandes coñecedores da carreira de Mariella Devia, ofrece esta conferencia sobre unha das últimas grandes divas do bel canto.

## «Lembrando a Ángeles Gulín»

11 de outubro | 20.00 h

Lembramos a soprano galega Ángeles Gulín no 15º aniversario do seu falecemento.

O ex presidente de Amigos da Ópera e da Sociedad Filarmónica, Antonio Vasco, analiza a vida e a traxectoria da soprano de Ribadavia, que acadou grandes éxitos en teatros como La Fenice de Venecia, o Metropolitan de Nova York e o Liceo de Barcelona. Vasco lembrará tamén as  actuacións de Ángeles Gulín no marco do Festival de Ópera da Coruña.

# CICLO DE CINEMA

## *Callas forever*

2 de outubro | 19.00 h

Franco Zefirelli, Italia, 2002. Fanny Ardant, Jeremy Irons, Joan Plowright... VOS, 108 min

No 40 aniversario do pasamento de Maria Callas, recuperamos esta versión filmada sobre os últimos días da gran soprano rodada por unha das persoas que mellor a coñeceu, o director Franco Zefirelli. Este filme foi nomeado aos Goya na categoría de mellor vestiario.

## *El beso de medianoche*

*(That Midnight Kiss)*

9 de outubro | 19.00 h

Norman Taurog, EUA, 1948. Mario Lanza, Kathryn Grayson, José Iturbi...
VOS, 98 min

Nesta entretida comedia musical Mario Lanza dá vida a un mozo condutor de camións que da noite á mañá se converte en estrela da ópera. No reparto figura tamén o valenciano José Iturbi, pianista e director de brillante carreira en Hollywood.

## *Canción de amor*

*(I Dream Too Much)*

16 de outubro | 19.00 h

John Cronwell, EUA, 1935. Lily Pons, Henry Fonda, Eric Blore...
VOS, 97 min

Lily Pons foi unha das sopranos lixeiras máis célebres do seu tempo, o que lle abriu de par en par as portas de Hollywood para rodar xunto a Henry Fonda nunha das súas primeiras actuacións. Esta comedia musical foi nomeada aos Óscar na categoría de mellor son.

## *Giuseppe Verdi*

23 de outubro | 19.00 h

Carmine Gallone, 1938, Italia. Fosco Giachetti, Gaby Morlay, Maria Cebotari, Beniamino Gigli... VOS, 99 min

Trátase dunha das primeiras aproximacións filmadas sobre a vida e obra de Verdi que nos achega algúns fragmentos das óperas deste compositor nas voces de artistas lendarios, como o tenor Beniamino Gigli.

## *Curso de interpretación vocal de Renata Scotto*

28 agosto ao 7 setembro

Renata Scotto, unha das máis grandes sopranos do século XX, chega á Coruña para se facer cargo do curso que ata o ano pasado impartiu o lembrado Alberto Zedda. A artista italiana ofrece as súas clases maxistrais por primeira vez en España despois de facelo en cidades coma Nova York, Filadelfia, Roma ou Milán.

## Concerto peche curso de técnica vocal

8 de setembro | 20.00 h

Concerto final do alumnado do Curso de Interpretación Vocal de Renata Scotto.

## *As novas voces galegas*

5 de outubro | 20.00 h

Christian Gil, contratenor
Ópera, zarzuela barroca e cancións

O contratenor Christian Gil debuta na Coruña despois da súa xira con Al Ayre Español e Eduardo López Banzo.

## CALENDARIO ACTIVIDADES

28 ago | 19.00 h. Proxección da ópera *Lucia di Lammermoor*
30 ago | 19.00 h. Proxección da ópera *Luisa Miller*
31 ago | 20.00 h. Conferencia «En torno a *Un ballo in maschera*»

10 set | 19.00 h. Proxección da ópera *Manon Lescaut*
02 set | 19.00 h. Encontro con Renata Scotto
04 set | 19.00 h. Proxección da ópera *Armida*
06 set | 19.00 h. Proxección da ópera *Ermione*
08 set | 20.00 h. Concerto final do Curso de Interpretación Vocal
09 set | 12.00 h. Coloquio sobre Alberto Zedda
23 set | 12.00 h. Conferencia «Mariella Devia e *Lucrezia Borgia*»

02 out | 19.00 h. Cinema *Callas forever*
05 out | 20.00 h. Concerto *As novas voces galegas*
09 out | 19.00 h. Cinema *El beso de medianoche*
11 out | 20.00 h. Conferencia «Lembrando a Ángeles Gulín»
16 out | 19.00 h. Cinema *Canción de amor*
23 out | 19.00 h. Cinema *Verdi*

//Afundación
Obra Social ABANCA

Sede Afundación
Cantón Grande, 8 - A Coruña
981 185 060
**afundacion.org**

Todas as actividades son de acceso libre ata encher capacidade

Organiza:

Amigos de la Ópera de A Coruña

Colaboran:

XUNTA DE GALICIA

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Deputación DA CORUÑA

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE inaem

FUNDACIÓN emalcsa